



O equipo de Divulgare, da Universidade de Vigo.

## Ante os vertidos mariños: Divulgare

O Grupo de Ecoloxía da Universidade de Vigo elabora premiados audiovisuais que conciencian sobre o medio ambiente

● Por Redacción | 11/05/2015

Alberte Calo

Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación da Universidade de Vigo. Campus de Pontevedra.

A contaminación por vertidos mariños accidentais está aumentando nos últimos tempos. Divulgare está levando a cabo un proxecto de divulgación e comunicación para preparar á sociedade en caso de


Publicidade



Escribes ou  
tes un grupo  
musical?

PREMIOS CULTURAIS 2018

Publicidade



ANÚNCIATE EN  
**GCIENCIA**

Publicidade

que se repitan catástrofes ecolóxicas como a do 'Prestige'. Advirten sobre a importancia de adecuar os plans de continxencia que permitan minimizar no posíbel calquera problema derivado dun vertido.

Divulgare nace no 2010 co obxectivo de levar a ciencia a todos os públicos.



Noelia e Sabela, do equipo de Divulgare.

Este proxecto elabora todo tipo de material audiovisual sobre os descubrimentos científicos do grupo de Investigación de Ecoloxía e Evolución de Plantas da Universidade de Vigo. Desde a polinización até a protección de especies en risco de extinción, levan os proxectos dos laboratorios á rúa. Actualmente están traballando en socializar o risco que supoñen os vertidos mariños, nomeadamente na Galiza. Sinalan que, xunto con outras institucións, están a comezar a dar os primeiros pasos na elaboración dun plan pioneiro no que respecta ás áreas mariñas protexidas.

Luís Navarro, responsábel do departamento, cóntanos que na sociedade galega hai unha gran desinformación sobre este perigo. Ben sabido é que no 2002 presenciouse a maior catástrofe mundial por mor dos vertidos dun buque que pasaba polo litoral galego: o Prestige. O seu afundimento devastou toda a costa



Publicidade



ESPECIAL 8M



Publicidade



Publicidade

galega, propagándose o fuel até a Francia. O noso entorno natural e milleiros de especies protexidas sufriron grandes danos, a igual que os traballadores do mar. Foi un acontecemento que deixou unha enorme pegada no pobo galego. Pese á conciencia social que supuxo no seu momento, non existen os coñecementos suficientes para dar unha resposta rápida e eficaz. É por isto polo que nace Arcopol, un proxecto a nivel europeo no que se inclúe Divulgare, que “busca preparar á sociedade para afrontar este tipo de problemas no caso de que se repitan”.

Devido ao avance científico, a día de hoxe existen modelos de correntes océano-meteorolóxicos exhaustivos que permiten predicir como podería ser a deriva dos vertidos. Estes coñecementos poderían reducir de xeito considerábel o impacto de posíbeis catástrofes. Mesmo así, é moi importante adestrar ditas tecnoloxías e profundar nelas para minimizar as consecuencias negativas. Só así se poderá evitar na medida do posíbel os efectos dos vertidos mariños.

O grupo de Ecoloxía traballa en plans de continxencia para as Illas Atlánticas

O grupo de Investigación de Ecoloxía e Evolución de Plantas céntrase na elaboración de plans de

Publicidade

Publicidade

continxencia para o Parque Nacional das Illas Atlánticas da Galiza. Navarro insiste na importancia das áreas naturais protexidas, as cales “son o reduto da biodiversidade” nas que se sitúa o “patrimonio natural que atesouran os ecosistemas”.

“A historia evolutiva está chea de episodios de creación e




O logo do grupo Divulgare.

desaparición de especies. Até fai pouco existía unha harmonía de equilibrio entre as extincións e a aparición de novas especies.” O problema é que “os humanos están a acelerar o proceso de extinción de especies sen dar tempo á natureza a ocupar os nichos ou espazos que fican baleiros”.

Este é un dos principais motivos polos que se fai fincapé en impulsar a protección das áreas naturais. As institucións teñen o deber de potenciar os plans de continxencia. Porén, non se debe esquecer a socialización da materia en cuestión. É algo que ten ben claro a equipa de Divulgare, que traballan a diario na divulgación científica e na comunicación social neste eido. Algúns dos vídeos que colgaron na rede xa contan con milleiras de reproducións. Mais o traballo de divulgación enmarcado en Arcopol aínda está nun proceso inicial. Luís Navarro está convencido de que este proxecto sairá adiante para “mellorar os plans na medida do posíbel coa participación de todos os

actores sociais”.



Temas: [Alberte Calo](#), [Divulgare](#), [Ecoloxía](#), [Illas Atlánticas](#), [Luis Navarro](#), [Prestige](#), [Universidade de Vigo](#), [Uvigo](#)

## Deixar unha resposta

Nome

Email (non se publicará)

Sitio web

Comentario

### POLÍTICA DE COMENTARIOS:

GCiencia non publicará comentarios ofensivos, que non sexan respectuosos ou que conteñan expresións discriminatorias, difamatorias ou contrarias á lexislación vixente.

GCiencia no publicará comentarios ofensivos, que no sean respetuosos o que contentan expresiones discriminatorias, difamatorias o contrarias a la ley existente.